

NORMATIVA E REGULAMENTO

Aulas de Estudio e Ensaio

Curso 2021/2022

1. Beneficiarios

Os alumnos oficiais da Escola Municipal de Música Magariños poderán ensaiar nas aulas de estudos os días lectivos, de acordo a esta normativa. Non se autoriza o uso das aulas a persoas alleas á Escola Municipal de Música Magariños. A utilización dos espazos para estudo queda reservada EXCLUSIVAMENTE aos alumnos matriculados oficialmente na Escola Municipal de Música Magariños do Concello de Brión.

2. Uso correcto

Os beneficiarios comprométese ao bo uso das aulas, o cal implica deixar todo limpo, o mobiliario ordenado e a luz apagada. Lémbrese está prohibido comer, beber e fumar nas cabinas, así como realizar calquera outra actividade que non sexa estudar. Os beneficiarios deberán atender as indicacións do persoal de información e control, ao que deberán avisar inmediatamente de calquera incidencia. O permiso de uso é persoal e intransferible.

3. Tipoloxía das aulas

Con carácter xeral, a distribución dos diferentes instrumentos nas cabinas de estudo será a seguinte:

- Aula 1. Instrumentos de vento, corda e tecla (aula con piano).
- Aula 2. Instrumentos de vento, corda e tecla (aula con piano).
- Aula 3. Instrumentos de vento, corda e tecla (aula con piano).
- Aula 4. Instrumentos de vento, corda e tecla (aula con piano).
- Aula 5. Instrumentos de vento, corda percusión e tecla (aula con piano).
- Aula 6. Instrumentos de vento e corda.

4. Turnos de estudos

O calendario de dispoñibilidade de aulas será publicado na segunda quincena do mes de setembro. As aulas de estudo poderanse utilizar desde outubro ata maio.

5. Días non lectivos

Os días laborais non lectivos nos que abra o centro, poderanse utilizar nas mesmas condicións e horarios que os días lectivos, pero co horario de apertura e peche do centro.

7. Control de acceso

Os alumnos deberán informar ao persoal do centro para acceder as aulas disponibles.

8. Asignación de aulas

Unha vez solicitada a ocupación da aula a través do correspondente impreso de solicitude, terase en conta a prioridade da orde de chegada e presentación do rexistro.

10. Revogacións

As autorizacións para estudar nas aulas quedarán revogadas se incumpren algún dos puntos deste regulamento e normativa. En caso dalgún incidente grave relacionado coas aulas, estas serán inmediatamente clausuradas ata que se dispoñan as medidas de control que puidesen ser necesarias. Ademais en caso de necesidades educativas do centro darase por anulada as autorizacións de uso das aulas.